

**INICIO DA RELACIÓN
LABORAL**

6

Demetrio Fernández López

Inspector de Traballo e Seguridade Social

Índice

Capítulo 6. INICIO DA RELACIÓN LABORAL.....	3
6.1. Inscripción de empresas	3
6.2. Afiliacións e altas na seguridade social	6
6.2.1. Introducción.....	6
6.2.2. A evolución a medio prazo.....	7
6.2.3. Análise dos once últimos anos.....	9
6.2.4. Persoas traballadoras afiliadas por sector de actividade	11
6.2.5. Afiliacións e altas por comunidades autónomas	13
6.3. Persoas estranxeiras	17

Capítulo 6. INICIO DA RELACIÓN LABORAL

6.1. Inscripción de empresas

A estrutura de todo o presente capítulo ordénase en empresas inscritas, persoas traballadoras afiliadas e de alta e persoas traballadoras estranxeiras. A primeira parte detalla as empresas con persoal, obtidas agrupando contas de cotización co mesmo número de identificación fiscal. Inclúense no réxime xeral (agás o sistema especial de empregados e empregadas do fogar), o réxime da minería do carbón e o réxime especial de traballadoras e traballadores do mar (conta allea). Do sector servizos exclúese "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria".

No ano 2020, por mor da pandemia, e a partir do mes de marzo, producírase un descenso significativo no número de empresas inscritas na Seguridade Social paralelo ao forte descenso da actividade económica. Este descenso manifestárase en todos os tamaños e sectores. Aínda que a partir de maio comezara unha lenta recuperación, os datos ao remate do ano seguiron a ser máis baixos que no ano 2019. A mesma reflexión podía facerse respecto de todas as variables deste capítulo no que atinxe a persoas traballadoras estranxeiras e respecto de afiliacións e altas na Seguridade Social. No ano 2021 amósase unha notable recuperación e incremento en todas as variables, sen chegar ao seu remate ás cifras de 2019

No cadro 6.1 ofrécese o dato fixo do número de empresas a 31 de decembro de 2021, distribuídas segundo sector de actividade. Pódese observar que o sector servizos é o que máis empresas contén con 60.069 (58.514 en 2020 e 61.116 en 2019) do total de 81.366 empresas (79.531 en 2020 e 82.285 en 2019), triplicando o resto de sectores, e multiplicando por máis de sete o seguinte sector que é a construción. Obsérvase que medran ambas as cifras en 2021 respecto do ano anterior, segundo no que xa había descenso. Ademais é, con gran diferenza, o que máis persoas ocupa 519.166 (493.071 en 2020). En canto a persoas traballadoras, síguea o sector da industria e en terceiro lugar a construción. Redúcese en case 2.754 o número de empresas con persoal asalariado no ano 2020 fronte a 2019, mentres que en 2021 medran en 1.835 mais.

Cadro 6.1

Empresas con persoal asalariado e persoas traballadoras,
segundo sector de actividade, por provincias⁽¹⁾. Galicia. 2021

	Empresas					Persoas traballadoras				
	Total	Agrario	Industria	Construción	Servizos	Total	Agrario	Industria	Construción	Servizos
A Coruña	33.990	2.018	2.623	3.551	25.798	314.094	5.952	47.157	23.705	237.280
Lugo	11.250	1.253	938	1.097	7.962	76.561	4.200	11.797	5.334	55.230
Ourense	9.448	435	969	928	7.116	68.408	1.459	13.524	4.657	48.768
Pontevedra	30.358	2.090	2.824	3.146	22.298	257.744	7.038	56.056	16.362	178.288
Galicia	81.366	5.736	7.063	8.498	60.069	716.807	18.952	128.841	49.848	519.166

Datos a 31 de decembro de 2021

(1) Empresas con persoas traballadoras, obtidas agrupando contas de cotización co mesmo NIF. Inclúense o réxime xeral (agás sistema especial de empregados/as do fogar), réxime da minería do carbón e o réxime especial de traballadores/as do mar (conta allea). Do sector servizos exclúese "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

No cadro 6.2, con datos extraídos do Ministerio de Trabajo e Economía Social, pódese ver, nun cadro comparativo dos anos 2021 e 2020, o número de empresas distribuído segundo teñan persoal asalariado ou sexan autónomos/as sen persoal asalariado, extraéndose a conclusión de que medran no primeiro caso e diminúen lixeiramente no segundo. Concretamente, estas últimas baixan por cuarto ano, pero é máis acusado o descenso nas que teñen persoal asalariado.

Cadro 6.2

Empresas segundo teñan persoal asalariado ou sexan autónomos/as sen persoal asalariado,
por sector e sección de actividade, tipo, tamaño da empresa. Galicia. 2020-2021

	Total		Empresas con persoal asalariado ⁽¹⁾		Autónomos/as sen persoal asalariado ⁽²⁾	
	2020	2021	2020	2021	2020	2021
Galicia	186.380	187.800	79.531	81.366	106.849	106.434

(1) Empresas con persoas traballadoras, obtidas agrupando contas de cotización co mesmo NIF. Inclúense o réxime xeral (agás sistema especial de empregados/as do fogar), réxime da minería do carbón e o réxime especial de traballadores/as do mar (conta allea). Do sector servizos exclúese "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria".

(2) A información sobre "autónomos sen persoal asalariado" refírese as persoas afiliadas aos réximes especiais de traballadores autónomos e do mar (conta propia). Exclúese aos autónomos que estean integrados en sociedades mercantis, cooperativas e outras entidades societarias, os que figuran como colaboradores familiares e os que estean rexistrados formando parte dalgún colectivo especial de persoas traballadoras.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Distribuídas as empresa e as persoas traballadoras polo tipo de empresa (cadro 6.3), obsérvase claramente que, un ano máis, segue a ser moi superior o número de empresas persoa xurídica e de persoas traballadoras ocupadas naquelas empresas que revisten esta forma, fronte ás empresas persoa física. No que atinxe ás persoas traballadoras ocupadas nas empresas persoa xurídica, multiplica por máis de nove a outra tipoloxía, manténdose a proporcionalidade de anos anteriores.

Cadro 6.3

**Empresas inscritas na Seguridade Social e persoas traballadoras,
segundo tipo de empresa. Galicia. 2021**

	Empresas			Persoas traballadoras		
	Total	Persoa física	Persoa xurídica	Total	Persoa física	Persoa xurídica
Galicia	81.366	31.869	49.497	716.807	68.269	648.538

Datos a 31 de decembro de 2021.

Inclúense o réxime xeral (agás sistema especial empregados/as do fogar), o réxime da minería do carbón e o réxime especial de traballadores/as do mar (conta allea). Do sector servizos, exclúese "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

No cadro 6.4 pode observarse que, das persoas traballadoras en empresas inscritas na Seguridade Social, o 73,03% (72,4% en 2020 e 70,51% en 2019) teñen subscrito contrato indefinido e que, de entre estes, o número de contratos a xornada completa ten unha porcentaxe moi superior á dos contratos a tempo parcial, pese a que estes últimos medran dende o ano 2017. A porcentaxe de persoas vencelladas por contrato a tempo parcial incrementábase moito na contratación temporal, ata chegar ao 34,18% (1,18 puntos por riba do ano anterior).

Cadro 6.4

**Persoas traballadoras en empresas con persoal asalariado segundo tipo de contrato
e tipo de xornada. Galicia. 2021⁽¹⁾**

	Total	Contrato indefinido			Contrato temporal		
		Total	Tempo completo	Tempo parcial	Total	Tempo completo	Tempo parcial
Galicia	716.807	523.473	426.811	96.662	193.334	127.246	66.088

(1) Empresas con persoas traballadoras, obtidas agrupando contas de cotización co mesmo NIF. Inclúense o réxime xeral (agás sistema especial de empregados/as do fogar), réxime da minería do carbón e o réxime especial de traballadores/as do mar (conta allea). Do sector servizos exclúese "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social. Datos a 31 de decembro de 2021.

Apertura de centros de traballo

Tradicionalmente incluíanse neste apartado os cadros relativos ás comunicacións de aperturas de centros de traballo, na súa acepción laboral, como unidade produtiva con organización específica que, polo tanto, non poden ser tomados conceptualmente como empresas, xa que estas poden ter un ou varios centros de traballo. Por outra banda, a falta de comunicación dos cesamentos dos centros de traballo, unha vez amortizados os cadros de persoal, impedían coñecer o dato máis preciso do total neto de centros de traballo creados nun período. En consecuencia, estas cifras referíanse a aquelas comunicacións de apertura de centros de traballo que, con carácter preceptivo, realizaban as empresas.

Dende o ano 2016 non se trataron de xeito informático estes datos pola autoridade laboral autonómica, e non existe rexistro accesible, nin tan sequera para facer un recuento manual.

6.2. Afiliacións e altas na seguridade social

6.2.1. Introducción

Os datos que proporcionan as altas das persoas traballadoras á Seguridade Social permiten unha análise da configuración laboral de Galicia, permitindo ademais, pola súa desagregación en réximes ou sistemas especiais, obter información de certo detalle nas actividades do mar e autónomos/as. Así mesmo, a Tesourería Xeral da Seguridade Social conta cunha base de datos do total de persoas afiliadas por sectores de actividade de indubidable valor.

Convén precisar que por persoas afiliadas e en alta enténdese, ademais das que traballan pola súa conta, todas aquelas que, nun momento determinado, atópanse ao servizo da empresa, e polas que esta cotiza, se ben o número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de persoas traballadoras, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar, é dicir, a mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, sexa porque teña varias actividades nun mesmo réxime, ou en varios. A afiliación e a alta na Seguridade Social é obrigatoria para toda persoa en activo por conta allea, ou que desempeñe o exercicio de calquera actividade de carácter autónomo, coa exclusión dun reducidísimo número de profesionais liberais. Tamén se asimilan ás situacións en alta, a incapacidade temporal, o desemprego na modalidade de pago delegado e a situación de suspensión por regulación de emprego.

Non obstante, as cifras que proporciona o sistema da Seguridade Social non comprenden a todas as persoas traballadoras, xa que quedan fóra as que cotizan á Mutualidade de Funcionarios da Administración Civil do Estado (MUFACE), as integradas no Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS) e as afiliadas á Mutualidade Xeral de Xustiza (MUGEJU).

6.2.2. A evolución a medio prazo

Da análise dos datos a medio prazo, ano 2011 a 2021 (cadro 6.5), obsérvase que, no total galego, existen dunha data a outra 21.100 cotizantes máis, e que, pese a iso, prodúcese unha diminución dun xeito significativo na Galicia interior, nas provincias da Lugo (3.000) e Ourense cun descenso semellante (2.500), fronte á Galicia atlántica.

A análise da evolutiva, amosa como os datos de maior relevancia a diminución do número de persoas afiliadas nos anos 2011 a 2014 e o cambio de tendencia, medrando as cifras a partir do ano 2015, con máis forza no ano 2018 e seguindo en 2019. Esta tendencia á alza rómpese por mor da pandemia en 2020, recuperándose parcialmente en 2021.

Tamén é salientable o descenso no cómputo xeral do período do número de persoas en alta pertencentes ao réxime do mar, pese a un pequeno repunte neste ano 2021, que pasan no total de Galicia de 23.500 en 2011 a 20.300 en 2021 (19.600 en 2020), o que supón, por conseguinte, un descenso de 3.200 altas. No ano 2014 fréase o descenso de persoas activas nas catro provincias galegas e no total de Galicia, aínda que o crecemento é de só 4.400 persoas afiliadas no conxunto da comunidade autónoma e ese crecemento mantense ata 2019 incluído, caendo en 2020 de novo.

En 2020 descende o número de persoas afiliadas á Seguridade Social, que representan en decembro dese ano un total de 989.900, cun descenso con respecto á media de 2019 de 28.900 cotizantes, e en 2021 increméntanse ata 1.001.300 cun incremento de 11.400 cotizantes.

Cadro 6.5**Persoas traballadoras afiliadas e en alta laboral. Réximes xeral e agrario, e total.****Galicia/España. 2011 a 2021**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2011	R. xeral	313,6	80,2	74,7	249,7	718,2	13.152,5
	R. agrario ⁽³⁾	1,5	1,5	0,4	1,3	4,7	822,3
	Agrario autónomo (SETA)	12,6	14,0	2,9	5,1	34,6	205,3
	Total ⁽²⁾	414,8	123,7	103,8	337,9	980,2	17.263,3
2012	R. xeral ⁽⁵⁾	296,2	75,1	70,5	232,4	674,2	12.470,5
	S. E. agrario ⁽⁴⁾	1,6	1,6	0,3	1,3	4,8	810,1
	Agrario autónomo (SETA)	12,0	13,3	2,7	4,8	32,8	199,6
	Total ⁽²⁾	400,2	118,8	99,9	322,3	941,2	16.738,6
2013	R. xeral ⁽⁵⁾	286,0	71,4	68,5	223,7	649,5	12.027,9
	S. E. agrario ⁽⁴⁾	1,5	1,5	0,3	1,1	4,5	753,5
	Agrario autónomo (SETA)	11,4	12,7	2,5	4,5	31,2	195,8
	Total ⁽²⁾	391,2	114,8	98,0	313,4	917,4	16.299,5
2014	R. xeral ⁽⁵⁾	287,4	71,6	68,6	224,6	652,2	12.212,0
	S. E. agrario ⁽⁴⁾	1,6	1,5	0,3	1,1	4,5	754,6
	Agrario autónomo (SETA)	10,9	12,2	2,4	4,3	29,8	194,3
	Total ⁽²⁾	393,9	115,0	98,2	314,8	921,8	16.556,0
2015	R. xeral ⁽⁵⁾	297,9	73,9	69,9	234,0	675,7	12.842,1
	S. E. agrario ⁽⁴⁾	1,7	1,8	0,3	1,0	4,7	807,0
	Agrario autónomo (SETA)	10,2	11,4	2,2	4,0	27,7	191,7
	Total ⁽²⁾	405,2	117,1	99,4	324,4	946,1	17.308,4
2016	R. xeral	303,1	75,3	70,6	238,2	687,2	13.155,9
	R. agrario	1,7	1,9	0,3	1,2	5,2	765,2
	Agrario autónomo (SETA)	9,6	10,9	2,1	3,8	26,3	193,3
	Total ⁽²⁾	410,0	118,4	99,8	329,2	957,6	17.600,8
2017	R. xeral	312,7	77,4	72,1	246,7	708,9	13.745,6
	R. agrario	1,8	1,9	0,4	1,3	5,3	776,5
	Agrario Autónomo (SETA)	9,1	10,5	2,0	2,3	25,3	193,4
	Total ⁽²⁾	419,0	119,9	101,0	337,7	977,7	18.222,5
2018	R. xeral	322,3	80,0	74,3	258,1	734,7	14.291,0
	R. agrario	1,9	1,9	0,4	1,4	5,6	769,4
	Agrario autónomo (SETA)	9,3	11,1	2,4	2,6	25,4	194,2
	Total ⁽²⁾	428,0	121,9	102,6	348,9	1.001,4	18.787,4
2019	R. xeral	331,6	82,4	75,6	265,6	755,2	14.782,9
	R. agrario	2,0	1,9	0,4	1,4	5,7	762,9
	Agrario autónomo (SETA)	12,6	11,4	2,9	3,2	30,1	204,4
	Total ⁽²⁾	436,3	123,2	103,0	356,3	1.018,8	19.278,7
2020	R. xeral	320,9	80,2	73,8	257,2	732,0	14.415,6
	R. agrario ⁽⁵⁾	2,0	1,7	0,4	1,3	5,4	778,9
	Agrario autónomo (SETA)	7,7	9,4	1,7	3,1	22,0	182,9
	Total ⁽²⁾	423,7	119,6	100,3	346,4	989,9	18.904,9
2021	R. xeral	338,7	83,7	76,8	272,4	771,6	15.111,9
	R. agrario ⁽³⁾	2,1	1,9	0,5	1,6	6,1	751,9
	Agrario autónomo (SETA)	7,9	9,7	1,8	3,4	25,0	186,8
	Total ⁽²⁾	427,8	120,7	101,3	351,5	1.001,3	19.637,7

(1) Non se inclúen as persoas afiliadas aos réximes especiais existentes nesa época de representantes de comercio, artistas, toureiros, escritores/as de libros e futbolistas (a incidencia é moi pequena).

(2) O total inclúe, ademais dos reseñados, os do mar, autónomos, empregados/as do fogar e minería do carbón.

(3) A partir do 1de xaneiro de 2008 as persoas traballadoras por conta propia do réxime especial agrario intégranse no réxime especial de traballadores autónomos (lei 18/2007, do 4 de xullo).

(4) A partir do 1de xaneiro de 2012 as persoas traballadoras por conta allea do réxime especial agrario intégranse no réxime xeral (lei 27/2011, do 1de agosto).

(5) Sen agrarios/as e empregados/as do fogar.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Convén destacar tamén que o réxime xeral, onde se inclúen as persoas asalariadas do sector industrial, da construción e dos servizos, experimenta nese período un incremento de 53.400 cotizantes, é dicir, das 718.200 persoas afiliadas en 2011 ás

771.600 en 2021, pasando a representar un 77,1% das altas en 2021, aínda así a certa distancia do 76,95% que constitúe esa proporción no total do estado español.

A variación nestes últimos anos das persoas afiliadas e en alta pertencentes ao extinguido réxime especial agrario, supón que na Comunidade Autónoma Galega o peso das persoas susceptibles de integrarse nese réxime pasa, respecto do total das afiliadas, do 4,70% en 2011, ao 6,10% en 2021, aumentando diferenzas ano a ano e xa nestes últimos representando unha porcentaxe moi inferior ao conxunto estatal.

A peculiaridade dos datos das provincias de Lugo e Ourense vén dada por mor do descenso dos persoas activas agrarias e, pese a que son as provincias nas que proporcionalmente ten o maior peso este sector, manteñen xa, dende hai máis de 30 anos en Ourense e Lugo, a diferenza do sucedido ata esas datas, un maior número de persoas traballadoras do citado réxime xeral que do agrario.

6.2.3. Análise dos once últimos anos

Da análise dos datos correspondentes a estes últimos once anos (cadro 6.6), constátase un descenso apreciable no período que vai de 2011 a 2014, con descensos interanuais de, 22.200, 27.200 e 39.100.

En 2008 coa forte crise en plena virulencia aínda se logra un aumento (en media anual) de 1.700 cotizantes respecto do ano anterior (ver informes anteriores), producíndose diminucións importantes en 2009 (42.800), en 2010 (22.200), en 2011 (22.800), en 2012 (39.000) e en 2013 (23.800).

Como sinalabamos anteriormente en 2014 ráchase a tendencia á baixa do número de afiliacións, medrando no seu conxunto 4.400 persoas activas en Galicia, se ben diminúe en 1.400 o número das activas agrarias (no seu conxunto, conta propia e conta allea).

Continua tamén a diminución paulatina das afiliacións ao réxime do mar en 2019, do mesmo xeito que se vén dando case de xeito ininterrompido dende 2009.

Pese ao descenso interanual en 2020 de cotizantes do réxime xeral, que pasan a ser en Galicia 732.000, son máis as persoas en alta nese réxime que en 2011, e increméntanse no 2021 ata 771.600. No réxime de autónomos apréciase un descenso respecto do comezo da serie.

Cadro 6.6

Persoas traballadoras afiliadas e en alta laboral.
Por réximes. Galicia/España. 2011-2021

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2011	R. xeral	311,4	79,7	74,2	247,6	712,9	13.053,1
	R. mar	6,4	1,9	0,0	15,2	23,5	62,8
	R. agrario ⁽¹⁾	1,5	1,5	0,4	1,3	4,7	820,2
	Autónomos ⁽¹⁾	87,1	37,8	26,3	67,6	218,8	3.088,8
	Outros	8,4	2,8	2,9	6,2	20,4	301,4
	Total	414,8	123,7	103,8	337,9	980,3	17.326,3
2012	R. xeral ⁽²⁾	296,2	75,1	70,5	232,4	674,2	12.470,5
	R. mar	6,3	1,8	0,0	14,8	22,9	61,8
	R. agrario ⁽¹⁾	1,6	1,6	0,3	1,3	4,8	810,1
	Autónomos ⁽¹⁾	86,0	37,2	26,0	66,5	215,8	3.045,8
	Outros	10,1	3,1	3,1	7,3	23,5	350,2
	Total	400,2	118,8	99,9	322,3	941,2	16.738,6
2013	R. xeral ⁽²⁾	286,0	71,4	68,5	223,7	649,5	12.027,9
	R. mar	6,1	1,7	0,0	14,2	22,1	61,8
	R. agrario ⁽¹⁾	1,5	1,5	0,3	1,2	4,5	753,5
	Autónomos ⁽¹⁾	85,7	36,7	25,8	65,6	213,9	3.029,2
	Outros	11,8	3,5	3,4	8,7	27,4	427,2
	Total	391,2	114,8	98,0	313,4	917,4	16.299,5
2014	R. xeral ⁽²⁾	287,4	71,6	68,6	224,6	652,2	12.212,0
	R. mar	6,1	1,6	0,0	13,9	21,6	61,7
	R. agrario ⁽¹⁾	1,6	1,5	0,3	1,1	4,5	754,6
	Autónomos ⁽¹⁾	87,1	36,7	25,9	66,4	216,0	3.095,8
	Outros	11,7	3,6	3,4	8,8	27,5	432,0
	Total	393,9	115,0	98,2	314,8	921,8	16.556,0
2015	R. xeral ⁽²⁾	297,9	73,9	69,9	234,0	675,7	12.842,1
	R. mar	6,0	1,5	0,0	13,3	20,9	57,6
	R. agrario ⁽¹⁾	1,7	1,8	0,3	1,0	4,7	807,0
	Autónomos ⁽¹⁾	88,0	36,2	25,8	67,2	217,3	3.168,0
	Outros	11,7	3,6	3,4	8,8	27,6	433,8
	Total	405,2	117,1	99,4	324,4	946,1	17.308,4
2016	R. Xeral	303,1	75,3	70,6	238,2	687,2	13.155,9
	R. mar	5,9	1,6	0,0	13,6	21,2	64,0
	Agrario	1,7	1,9	0,3	1,2	5,2	765,2
	Autónomos	87,5	36,0	25,5	67,4	216,4	3.188,6
	Outros	11,7	3,5	3,4	8,8	27,5	429,0
	Total	410,0	118,4	99,9	329,1	957,5	17.600,8
2017	R. xeral	312,7	77,4	72,1	246,7	709,0	13.745,7
	R. mar	6,0	1,6	0,0	13,7	21,3	64,8
	Agrario	1,8	1,9	0,3	1,3	5,4	776,6
	Autónomos	86,7	35,5	25,2	67,1	214,6	3.211,1
	Outros	11,7	3,6	3,3	8,8	27,4	424,4
	Total	419,0	119,9	101,0	337,7	977,7	18.222,5
2018	R. xeral	322,3	80,0	74,3	258,1	734,6	14.291,0
	R. mar	6,0	1,5	0,0	13,7	21,3	65,2
	Agrario	1,9	1,9	0,4	1,4	5,6	769,3
	Autónomos	86,2	34,9	24,6	67,1	212,8	3.246,1
	Outros	11,6	3,5	3,2	8,8	27,1	415,7
	Total	426,1	121,9	102,5	348,9	1.001,4	18.787,4
2019	R. xeral	331,6	82,4	75,6	265,6	755,2	14.782,9
	R. mar	5,9	1,5	0,0	13,6	21,1	65,6
	Agrario	2,0	1,9	0,4	1,4	5,8	763,0
	Autónomos	85,5	34,0	23,8	67,1	210,4	3.264,7
	Outros	11,3	3,4	3,1	8,5	26,3	402,5
	Total	436,3	123,2	103,0	356,3	1.018,8	19.278,7
2020	R. xeral	320,9	80,2	73,8	257,2	732,0	14.415,6
	R. mar	5,6	1,4	0,0	12,7	19,6	58,3
	Agrario	2,0	1,7	0,4	1,3	5,4	778,9
	Autónomos	84,5	33,1	23,3	66,9	207,7	3.269,5
	Outros	10,9	3,1	2,9	8,3	25,2	381,5
	Total	423,7	119,6	100,3	346,4	989,9	18.904,9
2021	R. xeral	338,7	83,7	76,8	272,4	771,6	15.111,8
	R. mar	5,7	1,5	0,0	13,0	20,3	63,2
	Agrario	2,1	1,9	0,5	1,6	6,1	752,0
	Autónomos	86,2	33,5	23,6	68,7	121,0	3.357,7
	Outros	11,1	3,2	2,9	8,4	25,6	389,0
	Total	444,0	123,8	103,9	364,1	1.035,7	19.673,7

Medias anuais en miles, excepto 2015 e 2020 que é a decembro dese ano.

(1) A partir do 1 de xaneiro de 2008 as persoas traballadoras por conta propia do réxime especial agrario intégranse no réxime especial de traballadores autónomos (lei 18/2007, do 4 de xullo).

Contabilizázanse a partir desa data só os que na actualidade se inclúen no sistema especial agrario (conta allea).

(2) A partir do 1 de xaneiro de 2012 as persoas traballadoras por conta allea do réxime especial agrario e os do empregados/as do fogar intégranse no réxime xeral (lei 27/2011, do 1 de agosto).

Neste cadro no réxime xeral non se inclúen as persoas afiliadas destes colectivos.

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

6.2.4. Persoas traballadoras afiliadas por sector de actividade

No cadro 6.7, no que se contempla unha distribución das persoas traballadoras afiliadas polos sectores clásicos de actividade, a poboación afiliada galega sitúase maioritariamente no sector servizos, 702.600 persoas afiliadas en 2017, 719.500 en 2018, 734.900 en 2019, 729.200 en 2020 e 751.900 en 2021. No estado español das 13.772.100 que había en 2017, pasamos a 14.205.400 en 2018, 14.604.300 en 2019, 13.996.100 en 2020 e 14.925.100 en 2021. Segue en importancia o sector da industria, onde en 2017 se atopan en alta 140.600 persoas, que se incrementan a 145.000 no ano 2018, a 146.200 en 2019, a 145.300 en 2020 e a 146.600 en 2021. No cómputo xeral español as 2.191.600 persoas traballadoras da industria en 2017, increméntanse a 2.251.600 en 2018, a 2.284.000 en 2019, 2.205.900 en 2020 e a 2.307.400 en 2021.

No sector agrario, no que debemos incluír tamén o pesqueiro, están en alta 58.100 persoas, mentres que son 1.132.000 persoas incluídas nese sector a nivel estatal. Baixan en 900 persoas no caso de Galicia.

Por último, na construción en 2017 respecto do ano anterior medran as persoas en alta en Galicia na cifra de 100, situándose en 73.100, de xeito máis consistente en 2018 con 3.200 novas persoas activas ata chegar ás 76.300 e continúa a tendencia en 2019 con 2.000 persoas activas máis. En 2020 baixa en 500 persoas e en 2021 medran en 1.400 persoas. En todo o Estado son 1.054.300 as persoas afiliadas dese sector en 2017, 1.118.800 en 2018, 1.194.000 en 2019, 1.167.300 en 2020 e 1.309.600 en 2021.

Cadro 6.7**Persoas traballadoras afiliadas en alta laboral. Por sector de actividade.
Galicia/España. 2011-2021**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Agrario	2011	22,7	19,1	5,7	22,3	69,8	1.188,9
	2012	22,0	18,4	5,3	21,5	67,1	1.168,5
	2013	21,6	17,7	5,1	20,8	65,2	1.108,5
	2014	21,4	17,3	5,0	20,2	63,9	1.112,0
	2016	20,2	16,8	4,9	19,5	61,4	1.125,6
	2017	19,9	16,6	4,8	19,5	60,8	1.139,9
	2018	19,6	16,5	5,0	19,5	60,6	1.136,4
	2019	19,2	16,1	4,9	19,2	59,4	1.136,3
	2020	19,1	15,9	4,6	19,1	59,2	1.136,0
	2021	18,6	15,6	5,0	18,8	58,1	1.132,0
Industria	2011	57,6	14,1	16,8	59,1	147,6	2.222,6
	2012	54,6	13,5	16,0	55,3	139,3	2.103,5
	2013	51,9	12,6	15,4	53,6	133,5	2.021,8
	2014	51,0	12,5	15,1	52,5	131,1	2.023,1
	2016	53,6	12,8	15,3	55,3	137,0	2.125,7
	2017	55,0	13,1	15,5	57,0	140,6	2.191,6
	2018	55,8	13,3	15,8	60,1	145,0	2.251,6
	2019	56,0	13,4	15,6	61,2	146,2	2.284,0
	2020	55,9	13,2	15,5	59,0	145,3	2.205,9
	2021	54,9	13,6	15,3	62,7	146,6	2.307,4
Construción	2011	42,2	12,2	11,0	30,9	96,3	1.545,8
	2012	35,4	10,4	10,0	25,3	81,0	1.355,1
	2013	32,1	9,1	9,5	22,0	72,7	1.123,4
	2014	31,9	9,0	9,5	21,7	72,0	997,2
	2016	32,7	8,9	8,9	22,5	73,0	980,5
	2017	32,9	8,8	8,7	22,7	73,1	1.054,3
	2018	34,6	8,9	8,7	24,1	76,3	1.118,8
	2019	35,6	9,0	8,5	25,1	78,2	1.194,0
	2020	35,1	8,7	8,6	24,9	77,7	1.167,3
	2021	35,8	9,0	8,4	25,9	79,1	1.309,6
Servizos	2011	292,4	78,4	70,4	225,6	666,8	12.559,7
	2012	288,3	76,6	68,6	220,2	653,7	12.343,6
	2013	285,5	75,4	68,0	217,0	645,9	12.172,1
	2014	289,6	76,2	68,7	220,4	654,9	12.440,4
	2016	303,6	79,9	70,9	231,9	686,3	13.295,2
	2017	310,8	81,5	71,9	238,4	702,6	13.772,1
	2018	318,1	83,2	73,0	245,2	719,5	14.205,4
	2019	325,6	84,6	74,0	250,7	734,9	14.604,3
	2020	323,5	83,9	73,8	247,4	729,2	13.996,1
	2021	334,6	85,5	75,1	266,6	751,9	14.925,1
Total	2011	414,8	123,7	103,8	337,9	980,2	17.326,3
	2012	400,2	118,8	99,9	322,3	941,2	16.738,6
	2013	391,2	114,8	98,0	313,4	917,4	16.299,5
	2014	393,9	115,0	98,2	314,8	921,8	16.556,0
	2016	410,0	118,4	99,9	329,2	957,5	17.600,8
	2017	419,0	119,9	101,0	337,7	977,6	18.222,5
	2018	428,1	121,9	102,5	348,9	1.001,4	18.787,3
	2019	436,3	123,2	103,0	356,3	1.018,8	19.278,7
	2020	423,7	119,6	100,3	346,4	989,9	18.904,9
	2021	444,0	123,8	103,9	364,1	1.035,7	19.673,7

Elaboración propia.

Datos: medias anuais redondeados a miles.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

6.2.5. Afiliacións e altas por comunidades autónomas

Dende a perspectiva das comunidades autónomas e o conxunto do Estado español (cadro 6.8), facendo unha evolutiva histórica, despois da recuperación xeral do número de persoas afiliadas experimentada en 1996, respecto ás perdas que con carácter xeral se produciron en 1993 e 1994 (ver informes de anos precedentes), no conxunto de España, en 1997, prodúcese un aumento importante con respecto ao ano anterior, de 426.100 persoas afiliadas, aumento que se experimenta na totalidade das comunidades autónomas. En 1998 consolídase a tendencia cunha importante subida interanual de 658.900 altas, superada pola que ten lugar en 1999, con 753.900 altas. No ano 2000 o incremento foi de 718.000, no 2001 de 587.000; no 2002 de 476.400, en 2003 de 487.300, en 2004 de 468.200, en 2005 de 753.700, en 2006 de 760.800, en 2007 de 555.900. No ano 2008 polo impacto da crise diminúe en 146.700 e en 2009 o impacto é moito maior, reducíndose en máis dun millón oitenta e oito mil o número de persoas afiliadas en alta. No ano 2010 segue a tendencia á redución do número de afiliacións, aínda que o efecto é menor que o ano precedente (335.000 altas menos), en 2011 tamén algo menor: 255.600 en cómputo de media anual, en 2012 volve a incrementarse ata as 587.800 persoas afiliadas menos que o ano precedente e en 2013 439.000.

No ano 2014 fréase a tendencia a baixa das afiliacións e increméntase en 256.500, e en 2015 ese incremento é maior: 752.400, acadando a finais do ano as 17.308.400 persoas afiliadas.

A Comunidade Autónoma Galega, tras a forte diminución de persoas afiliadas en 1993 (ver cadros en informes anteriores), volve a perder afiliacións en 1994, se ben pola diminución crónica de persoas activas agrarias. En 1995 incrementa en 5.500 o total de persoas activas, en 1996, en 7.000 e, en 1997, en 17.200, producíndose xa, nese ano, un aumento apreciable de afiliacións no réxime xeral, que confirma a tendencia á recuperación económica que se albisca timidamente os dous anos precedentes e que vén a confirmarse sen dúbida ningunha en 1998, ano en que medran as persoas activas galegas en 31.900, e aínda máis en 1999 – 36.900-. Nos anos 2000 a 2005 modérase máis o crecemento – 28.900, 24.200, 19.600; de 2000 a 2002; o mesmo número 23.200 nos anos 2003 e 2004, e 27.400 en 2005 – en 2006 e 2007 volven a medrar con forza: 34.800 afiliacións, e 37.600, respectivamente- o máis importante aumento nos últimos anos. En 2008 logra, a pesar das importantes diminucións dos últimos meses, manter ó saldo en positivo e incrementa ó numero de altas en 2.400, pero de 2009 a 2013 a crise faise patente e diminúen o número de afiliacións en 42.900, 22.200, 27.100, 39.100 e 23.800, respectivamente, logrando en 2014 trocar a tendencia e acadar un aumento de 4.400 afiliacións en media anual e consolidándose en 2015: 24.300 afiliacións máis a

finais dese ano e incrementándose en 2016 e 2017 ata chegar ás 977.700. Segue esta evolución en 2018 ata chegar a 1.001.400 persoas afiliadas en Galicia e 18.787.400 no conxunto do Estado. No ano 2019 son 1.018.800 as persoas afiliadas en Galicia e 19.278.600 as de España. Finalmente, no ano 2020 son 989.900 as persoas afiliadas en Galicia e 18.904.900 as do Estado español e no ano 2021 son 1.035.700 en Galicia e 19.673.300 no Estado español.

Cadro 6.8**Persoas traballadoras afiliadas e en alta laboral. Por réximes e comunidades autónomas. 2013-2021**

	2013					
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	1.663,8	9,0	458,5	464,8	48,8	2.644,8
Aragón	371,1	0,0	11,6	103,0	12,3	498,0
Asturias	253,0	1,8	1,0	75,0	11,7	342,3
Baleares	304,4	2,0	2,6	80,6	12,2	401,8
Canarias	515,5	5,2	13,9	105,8	10,7	651,2
Cantabria	146,4	1,2	0,6	41,3	5,8	195,3
Castela-A Mancha	412,9	0,0	32,9	143,4	12,1	601,3
Castela e León	605,7	0,0	13,6	201,1	20,8	841,3
Cataluña	2.270,5	6,4	22,6	517,9	69,4	2.886,8
C. Valenciana	1.138,3	5,2	53,9	316,2	32,4	1.545,9
Extremadura	213,8	0,0	61,0	76,7	5,4	356,9
Galicia	649,6	22,1	4,5	213,9	27,4	917,4
Madrid	2.199,8	3,8	2,5	350,2	106,2	2.662,4
Murcia	313,9	1,0	64,1	89,5	12,1	480,6
Navarra	190,2	0,0	4,6	45,2	7,6	247,5
País Vasco	667,4	3,8	2,2	172,5	26,7	872,7
A Rioxa	81,3	0,0	3,4	25,6	3,0	113,3
Ceuta	15,6	0,3	0,0	3,2	1,2	20,3
Melilla	14,7	0,1	0,0	3,6	1,5	19,9
España	12.027,8	61,7	753,5	3.029,1	427,4	16.299,5

	2014					
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	1.695,6	8,9	462,3	481,1	48,1	2.696,0
Aragón	374,2	0,0	12,6	104,7	12,5	504,0
Asturias	252,0	1,7	1,0	75,9	11,8	342,3
Baleares	314,0	2,1	2,5	83,2	12,1	414,0
Canarias	531,9	5,3	13,2	109,4	10,6	670,4
Cantabria	147,8	1,3	0,6	41,8	5,7	197,1
Castela-A Mancha	418,9	0,0	31,5	146,0	12,2	608,5
Castela e León	608,7	0,0	13,2	202,3	20,7	844,9
Cataluña	2.310,1	6,4	22,2	527,2	69,5	2.935,4
C. Valenciana	1.169,3	5,4	53,2	324,2	32,9	1.585,0
Extremadura	216,5	0,0	61,5	78,7	5,4	362,0
Galicia	652,2	21,6	4,5	216,1	27,5	921,8
Madrid	2.227,4	3,9	2,1	360,1	110,0	2.703,5
Murcia	320,4	1,0	63,9	92,9	12,0	490,1
Navarra	191,6	0,0	4,4	46,1	7,6	249,7
País Vasco	668,4	3,8	2,3	173,3	27,7	875,5
A Rioxa	82,7	0,0	3,6	25,8	3,0	115,1
Ceuta	15,5	0,2	0,0	3,3	1,3	20,4
Melilla	14,8	0,1	0,0	4,6	0,8	20,3
España	12.211,9	61,6	754,6	3.096,6	431,4	16.556,0

(Continúa páx. seguinte)

Capítulo 6. Inicio da relación laboral

2015						
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	1.779,9	8,4	501,1	497,9	46,8	2.834,1
Aragón	392,5	0,0	9,0	106,2	12,6	520,3
Asturias	258,7	1,6	1,0	76,2	11,4	349,0
Baleares	276,8	1,6	2,3	82,7	11,7	375,0
Canarias	570,1	5,2	14,0	115,4	10,4	715,1
Cantabria	151,4	1,1	0,7	42,1	5,6	200,9
Castela-A Mancha	440,5	0,0	32,2	148,8	12,1	633,7
Castela e León	632,7	0,0	12,3	201,8	20,3	867,1
Cataluña	2.434,8	5,6	20,2	540,4	69,2	3.070,3
C. Valenciana	1.263,3	5,1	70,6	334,0	33,1	1.706,2
Extremadura	224,7	0,0	61,7	80,1	5,3	371,8
Galicia	675,7	20,9	4,7	217,3	27,5	946,1
Madrid	2.379,1	3,6	2,1	374,2	112,6	2.871,5
Murcia	343,7	0,9	65,1	95,7	12,0	517,3
Navarra	200,0	0,0	4,7	47,0	7,8	259,5
País Vasco	698,7	3,3	2,0	174,4	29,6	908,0
A Ríoxa	86,8	0,0	3,3	26,3	3,1	119,4
Ceuta	16,5	0,2	0,0	3,4	1,2	21,3
Melilla	16,1	0,1	0,0	4,2	1,5	21,9
España	12.842,1	57,6	807,0	3.168,0	433,8	17.308,4

2016						
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	1.820,0	9,4	460,0	504,0	46,6	2.841,0
Aragón	399,3	0,0	13,3	105,7	12,4	530,6
Asturias	264,3	1,7	1,0	75,9	9,0	351,9
Baleares	354,8	2,3	2,7	88,1	11,6	459,5
Canarias	581,1	5,9	13,4	116,2	10,3	726,8
Cantabria	155,7	1,3	0,7	42,1	5,5	205,4
Castela-A Mancha	454,8	0,0	32,9	149,0	12,0	648,8
Castela e León	644,0	0,0	13,9	201,3	19,2	878,5
Cataluña	2.508,0	7,0	23,3	544,0	68,8	3.151,8
C. Valenciana	1.282,0	6,3	52,7	337,0	33,0	1.711,7
Extremadura	227,9	0,0	62,6	79,7	5,2	375,5
Galicia	687,2	21,2	5,2	216,4	27,5	957,5
Madrid	2.400,0	3,8	2,2	376,1	112,2	2.894,6
Murcia	351,0	1,1	70,1	96,1	11,9	530,4
Navarra	202,9	0,0	4,9	47,3	7,7	262,9
País Vasco	700,4	3,9	2,4	173,4	29,8	910,0
A Ríoxa	88,0	0,0	3,9	26,2	2,9	121,0
Ceuta	16,1	0,2	0,0	3,4	1,2	21,0
Melilla	15,7	0,1	0,0	4,2	1,5	21,7
España	13.153,2	64,2	765,2	3.186,1	429,0	17.600,6

2017						
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	1.921,0	9,2	460,3	513,0	46,3	2.949,8
Aragón	417,8	0,0	14,3	105,2	12,2	549,5
Asturias	271,6	1,7	1,1	75,1	8,9	358,5
Baleares	378,7	2,5	2,6	90,0	11,2	485,0
Canarias	613,9	6,2	13,5	119,2	10,4	763,1
Cantabria	160,9	1,3	0,7	41,9	5,5	210,3
Castela-A Mancha	473,6	0,0	34,6	148,8	11,9	669,0
Castela e León	662,8	0,0	14,1	199,1	19,1	895,2
Cataluña	2.626,8	6,9	24,8	548,4	67,2	3.274,1
C. Valenciana	1.351,0	6,6	52,9	340,2	32,9	1.783,8
Extremadura	235,2	0,0	63,0	80,0	5,1	383,3
Galicia	709,0	21,3	5,4	214,6	27,4	977,7
Madrid	2.501,7	3,8	2,2	384,6	111,1	3.003,3
Murcia	367,6	1,2	75,3	97,3	12,0	553,5
Navarra	210,2	0,0	5,2	47,4	7,7	270,5
País Vasco	720,2	3,8	2,5	172,2	29,8	928,7
A Ríoxa	91,1	0,0	3,9	26,2	2,9	124,1
Ceuta	16,5	0,2	0,0	3,5	1,2	21,4
Melilla	15,7	0,0	0,0	4,3	1,6	21,6
España	13.745,3	64,7	776,4	3.211,0	425,0	18.222,4

(Continúa páx. seguinte)

2018						
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	2.007,0	9,2	454,9	524,3	45,5	3.041,0
Aragón	433,3	0,0	14,4	104,9	11,8	564,5
Asturias	274,8	1,6	1,1	74,6	8,7	362,4
Baleares	393,9	2,5	2,6	92,2	10,7	501,9
Canarias	640,4	6,4	13,5	123,1	10,3	793,8
Cantabria	166,1	1,3	0,8	41,8	5,4	215,4
Castela-A Mancha	493,2	0,0	35,3	149,2	11,7	689,5
Castela e León	681,1	0,0	14,3	197,1	18,6	911,4
Cataluña	2.723,8	6,7	24,0	551,2	64,6	3.370,3
C. Valenciana	1.414,7	6,7	51,7	346,3	32,6	1.852,1
Extremadura	243,3	0,0	61,5	80,4	5,0	390,1
Galicia	734,6	21,3	5,6	212,8	27,2	1.001,4
Madrid	2.612,1	3,9	2,1	395,5	109,4	3.122,9
Murcia	383,7	1,2	75,6	98,6	11,6	570,6
Navarra	219,1	0,0	5,3	47,7	7,5	279,6
País Vasco	739,7	3,9	2,6	172,0	29,6	947,8
A Ríoxa	94,0	0,0	4,2	26,2	2,9	127,4
Ceuta	17,0	0,2	0,0	3,5	1,3	22,0
Melilla	16,9	0,1	0,1	4,7	1,6	23,3
España	14.288,7	65,0	769,6	3.246,1	418,0	18.787,4

2019						
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	2.098,7	9,3	445,5	534,8	43,9	3.132,1
Aragón	448,4	0,0	14,8	102,7	11,2	577,1
Asturias	282,0	1,5	1,1	73,6	8,4	366,7
Baleares	403,7	2,6	2,6	94,1	10,2	513,1
Canarias	654,7	6,5	13,7	127,0	10,1	812,1
Cantabria	170,1	1,3	0,8	41,6	5,2	219,0
Castela-A Mancha	511,8	0,0	36,2	148,9	11,4	708,4
Castela e León	697,0	0,0	14,6	194,3	17,8	923,6
Cataluña	2.808,3	6,7	24,6	550,6	61,6	3.451,9
C. Valenciana	1.468,8	6,9	51,0	350,6	31,7	1.909,0
Extremadura	251,2	0,0	60,4	80,6	4,7	396,9
Galicia	755,2	21,1	5,8	210,4	26,3	1.018,8
Madrid	2.714,9	4,0	2,1	403,0	106,6	3.230,5
Murcia	398,9	1,2	77,6	99,9	11,1	588,7
Navarra	227,2	0,0	5,4	47,4	7,2	287,2
País Vasco	760,0	4,0	2,5	171,2	28,9	966,7
A Ríoxa	96,9	0,0	4,2	25,9	2,7	129,8
Ceuta	17,3	0,2	0,0	3,4	1,8	22,7
Melilla	17,7	0,1	0,0	4,8	1,7	24,3
España	14.782,8	65,4	762,9	3.264,8	402,7	19.278,6

2020						
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	2.039,4	8,4	470,4	548,3	42,3	3.108,8
Aragón	439,1	0,0	9,8	100,1	10,7	559,7
Asturias	275,0	1,5	1,1	72,4	8,1	359,5
Baleares	310,8	1,7	2,3	90,5	9,9	415,1
Canarias	619,3	5,8	13,4	129,0	9,7	777,2
Cantabria	165,4	0,8	0,6	41,1	4,8	212,9
Castela-A Mancha	514,0	0,0	37,8	148,6	10,7	711,1
Castela e León	680,3	0,0	12,2	190,1	16,5	899,1
Cataluña	2.721,8	5,5	20,7	549,0	57,5	3.354,6
C. Valenciana	1.463,5	6,4	62,8	353,8	30,3	1.916,8
Extremadura	250,4	0,0	53,9	798,2	4,4	388,5
Galicia	732,0	19,6	5,4	207,7	25,2	989,9
Madrid	2.962,2	3,8	2,0	407,8	102,1	3.211,9
Murcia	401,4	1,1	75,5	101,5	10,4	590,0
Navarra	224,5	0,0	5,2	47,1	6,9	283,6
País Vasco	750,4	3,4	2,1	169,5	27,9	953,2
A Ríoxa	95,5	0,0	3,8	25,3	2,6	127,2
Ceuta	17,7	0,2	0,1	3,4	0,7	22,0
Melilla	18,8	0,1	0,0	4,6	0,7	24,2
España	14.415,6	58,2	778,9	3.269,5	381,5	18.904,9

(Continúa páx. seguinte)

Capítulo 6. Inicio da relación laboral

	2021					
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	2.157,6	8,9	433,9	566,4	42,9	3.209,7
Aragón	459,0	0,0	14,1	102,0	11,0	586,2
Asturias	286,2	1,6	1,1	73,6	8,2	370,7
Baleares	373,1	2,3	2,7	95,6	10,1	483,9
Canarias	638,6	6,2	13,4	133,5	10,1	801,8
Cantabria	174,9	1,2	0,7	42,1	4,9	223,8
Castela-A Mancha	539,6	0,0	36,1	152,4	11,0	739,1
Castela e León	709,9	0,0	14,7	193,6	16,8	935,1
Cataluña	2.852,2	6,5	24,4	564,5	58,2	3.505,8
C. Valenciana	1.521,9	6,9	50,9	363,2	30,9	1.974,0
Estremadura	261,4	0,0	57,3	81,7	4,4	404,9
Galicia	771,6	20,3	6,1	212,0	25,6	1.035,7
Madrid	2.800,4	3,9	2,2	418,7	104,6	3.329,7
Murcia	421,8	1,2	81,9	104,4	10,6	619,9
Navarra	235,4	0,0	5,5	48,2	7,1	296,3
País Vasco	771,1	3,9	2,6	171,9	28,5	978,1
A Ríoxa	100,0	0,0	4,1	25,7	2,6	132,4
Ceuta	18,0	0,2	0,0	3,4	0,6	22,2
Melilla	18,8	0,1	0,1	4,7	0,6	24,2
España	15.111,9	62,2	752,0	3.357,7	389,0	19.673,3

Medias anuais en miles. Excepto 2015, 2020 e 2021 que é a último día de decembro. A suma de cada un dos epígrafes non coincide necesariamente con exactitude co total de España, ao redondear as cantidades en miles de persoas.

(1) Comprende réximes especiais da minería do carbón e de empregados do fogar.

(2) A partir do 1 de xaneiro de 2008 as persoas traballadoras por conta propia do réxime especial agrario intégranse no réxime especial de traballadores autónomos (lei 18/2007, do 4 de xullo).

Contabilízanse a partir da dita data no epígrafe de agrarios só os do sistema especial agrario (conta allea).

(3) A partir do 1 de xaneiro de 2012 as persoas traballadoras por conta allea do réxime especial agrario e os do empregados/as do fogar intégranse no réxime xeral (Lei 27/2011, do 1 de agosto)

Neste cadro no réxime xeral non se inclúen os/as afiliados/as destes colectivos. Os agrarios conta allea seguen contabilizados no epígrafe de agrarios.

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.

6.3. Persoas estranxeiras

No cadro 6.9 ofrécese a cuantificación dos contratos rexistrados de persoas estranxeiras en Galicia, segundo o tipo de contrato, podéndose observar que, tanto nas comunitarias como nas extracomunitarias, son moi superiores os contratos temporais fronte aos indefinidos, tanto iniciais como convertidos nos dous anos analizados. En 2017 prodúcese un notable incremento na contratación de persoas estranxeiras respecto do ano anterior (55.584 fronte a 48.068). O incremento prodúcese nas catro provincias galegas. Este incremento sube en intensidade no ano 2018, tamén nas catro provincias galegas ata as 67.523 persoas, e continúa en 2019 ata chegar a 70.379 persoas estranxeiras contratadas. Coa situación vivida por mor da pandemia e todas as continxencias e medidas vencelladas con ela, cae a contratación de persoas estranxeiras en 2020 respecto do ano anterior un 15,4% ata as 59.602 persoas, e medra substancialmente en 2021 ata as 79.813 persoas.

Cadro 6.9**Contratos a persoas estranxeiras segundo tipo de contrato por provincias. Galicia. 2021**

	TOTAL	persoas traballadoras comunitarias				persoas traballadoras extracomunitarias			
		Total	Indefinidos Iniciais	Convertidos indefinidos	Temporais	Total	Indefinidos Iniciais	Convertidos indefinidos	Temporais
A Coruña	30.640	6.243	568	412	5.263	24.397	1.988	1.126	21.283
Lugo	11.901	3.057	312	235	2.510	8.844	1.157	417	7.270
Ourense	8.183	2.677	192	228	2.257	5.506	415	286	4.805
Pontevedra	29.089	7.625	457	511	6.657	21.464	1.238	823	19.403
Galicia	79.813	19.602	1.529	1.386	16.687	60.211	4.798	2.652	52.761

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Segundo o sector de actividade e desagregados por provincias, ponse de manifesto que o sector servizos segue a ser o que, con gran diferenza, rexistra o maior número de contratos. Baixan estes en todos os sectores en 2020 en relación co ano anterior e volven a subir todos eles en 2021. Especialmente intenso é o incremento no sector servizos (con 15.858 contratacións máis), seguido da industria, construción e agrario.

Cadro 6.10**Contratos rexistrados de persoas estranxeiras, segundo sector de actividade por provincia. Galicia. 2020-2021**

	Total		Agrario		Industria		Construción		Servizos	
	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021
A Coruña	21.875	30.640	1.959	1.930	2.291	3.449	1.929	2.522	15.696	22.739
Lugo	9.420	11.901	2.507	2.565	764	1.363	430	531	5.719	7.442
Ourense	6.025	8.183	661	714	867	1.238	318	484	4.179	5.747
Pontevedra	22.282	29.089	1.339	1.558	4.442	5.214	1.280	1.572	15.221	20.745
Galicia	59.602	79.813	6.466	6.767	8.364	11.264	3.957	5.109	40.815	56.673

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

No cadro 6.11 reflíctense os datos das persoas estranxeiras afiliadas en alta laboral en 2021. O maior número corresponde á provincia da Coruña, seguida por esta orde por Pontevedra, Lugo e Ourense.

Cadro 6.11**Persoas estranxeiras afiliadas á Seguridade Social en alta laboral, segundo provincia. Galicia. 2021**

2020	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	44.556	16.832	6.539	5.812	15.373

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Nos cadros seguintes reflíctense as autorizacións concedidas a persoas estranxeiras segundo a dependencia, clase de autorización, sector e sexo.

No último ano é lixeiramente maior o número de autorizacións concedidas a varóns que a mulleres. O sector para o que se concederon a meirande parte das autorizacións, con notable diferenza, é o sector servizos, seguido do sector agrario. Finalmente, a maior parte das autorizacións son para desenvolver traballos por conta allea, fronte ás de traballo por conta propia.

Cadro 6.12

**Autorizacións de traballo concedidas a persoas extranxeiras
Galicia España a 31-12-2021**

	Total	Conta allea	Conta propia
Galicia	2.710	2.433	58
España	121.860	103.214	2.042

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Cadro 6.13

**Autorizacións de traballo a persoas extranxeiras concedidas, según clase de autorización,
por comunidade autónoma e provincia do centro de traballo**

	TOTAL	AUTORIZACIÓNS DE RESIDENCIA TEMPORAL E TRABALLO	AUTORIZACIÓNS POR ARRAIGO E OUTRAS CIRCUNSTANCIAS EXCEPCIONAIS	AUTORIZACIÓNS PARA TRABALLAR	AUTORIZACIÓNS LEI 14/2013 (PERMISO ÚNICO)
A Coruña	1.068	661	303	3	99
Lugo	520	279	214	1	25
Ourense	306	169	118	5	11
Pontevedra	816	456	270	13	71
Galicia	2.710	1.565	905	22	206

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, Observatorio permanente de inmigración.

Cadro 6.14

**Autorizacións de traballo a persoas extranxeiras concedidas, segundo sector de
actividade, por comunidade autónoma e provincia do centro de traballo**

	TOTAL	AGRARIO	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVICIOS	NON CLASIFICABLES
A Coruña	1.068	120	43	90	662	153
Lugo	520	135	42	26	272	45
Ourense	306	19	41	12	208	26
Pontevedra	816	81	51	40	502	142
Galicia	2.710	355	177	168	1.644	366

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, SEPE.

Cadro 6.15

**Autorizacións de traballo a persoas extranxeiras concedidas, segundo sexo, por comunidade
autónoma e provincia do centro de traballo (1)**

	Ambos sexos	Varóns	Mulleres
A Coruña	1.068	536	532
Lugo	520	276	244
Ourense	306	163	143
Pontevedra	816	403	413
Galicia	2.710	1.378	1.332

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.